



Tradución ao galego de Yolanda Castaño

Oh California

Quero espertar nas lagoas do ceo
onde o sol se amarra ao nacemento das palmeiras mutiladas
coma cinta de embalaxe, un plano aéreo circulando e circulando
fóra da cidade no maleteiro acolchado dunha furgoneta marrón
polas estradas da morte, as estradas desérticas, as curvas
pechadas, California, o deserto prateando nos meus ollos coma
un coiote, quero nadar na piscina de xade
das túas vogais de ladeira solitaria,
estarricarme baixo as nubes espelladas
coma un millón de hamacas de azotea, sentir
ese quedar en branco tenderse na miña mente coma un luxo,
California, o teu lindo estar en branco, o teu verniz.
Oh, axítame unha barrena de alfábega en Silver Lake
e cóntame das túas tatuaxes, hermana, como a morte
é ese dente malo que se me move na cabeza,
na mente, California, ese perfil do horizonte rompendo contra as
montañas de pano de fondo que coñezo coma a nostalxia, cacto do saguaro rosa
e sumagre, os froitos do bosque maduros esmagados coma se fosen corpos,
cada cruz irregular de cacto elevándose contra unha pantalla de
deserto prateado, California, e a noite que segue adiante o mesmo ca un autocine,

palmas que estouran coma napalm, fogos de artificio sobre todo.

Quero cabalar o corpo longo suave bronzeado de
California, quero comerme o oso da bandeira
de California, rodar coma un cadáver á beira da autoestrada das
túas escenas de persecucións de coches, quero o meus dentes perfectos
preservados, California, os meus dentes soterrados
baixo a terra coma infortunio, California, e non me has ti mostrar
onde ficaron os corpos, California,
non has ti mostrarme, mostrarme, mostrarme.

aconchegouse na clavícula, e entre o puro ruído
ninguén pode escoitar ao outro. todo é novo, e todo é repugnante,
todo en Zagreb. ollos, pratos, cousas
a través das cales observamos aos outros. todo santo, todo cortante
todo cans, todo as nosas densas voces. o discurso
dunha cidade impaciente por morder, piñeiro, unha bandada, algo
no aire, baixo o solo, nas paredes; algo
enriba de nós e noutro sitio. algo está pasando,
non sei o que.



Sarah
Holland-Batt
POETAS NA CORTE
D'EL REI SABIO

2 de marzo de 2016 · Fundación Vicente Risco

Nada en Southport (Australia) en 1982, Sarah Holland-Batt é poeta, crítica e editora literaria. Medrou en Australia e nos EE.UU., e residiu tamén en Italia e no Xapón. Licenciada pola Universidade australiana de Queensland, conta cun Máster en Lingua Inglesa e con outro en Poesía pola Universidade de Nova York, este grazas á bolsa W.G. Walker Memorial Fulbright. Outras residencias que teñen impulsado a súa producción poética foron as das colonias Yaddo e MacDowell, a bolsa de viaxe Marten Bequest, e residencias como a de Asialink, Hawthornden e a do Consello de Australia en Roma.

O seu primeiro libro de poesía, *Aria* (2008), recibiu varios premios literarios como o Anne Elder, o Judit Wright de Poesía e o Thomas Shapcott, ademais de ser finalista aos galardóns New South Wales e Queensland Premier, e recomendado para “Libro poético do ano” por *The Age*.

No pasado ano publicouse o seu segundo poemario, *The Hazards [Os riscos]* (2015). Ademais, poemas seus viron a luz en numerosos xornais e revistas, incluíndo *The New Yorker*, *Poetry*, *Slate*, *Agenda* e moitas outras, e foron traducidos a lingua como o holandés, español, sueco e indonesio.

Holland-Batt escribiu tamén relatos curtos que foron incluídos en *The Best Australian Stories 2011* e *2012*. Fixo parte do consello editorial de *New Directions* e de *Atria Books*, dúas editoriais neoiiorquinas. Hoxe reside en Brisbane, onde traballa como profesora e coordinadora do Máster en Escrita Creativa da Universidade Tecnolóxica de Queensland, mentres exerce como editora de poesía para a revista *Island*.

Medusa

Sempre adorei a vida translúcida,
as concentricidades
florecendo ao meu redor
nunha onda-anel de nervios.
Se deixo que a miña sombra se lle amarre,
o que queira que sexa a alma
íñchase coma seda inflada.
Agulla a agulla, vértome a chorro
nas raiolas dun luar subacuático,
ascendendo pura e velenosa
nunha deriva de neve mariña.
Nada pendura tan baleiro.
Olla como a miña mente patina,
clara e va mentres derrete xeo.
Contráese co pulso dun corazón:
egoísta, egoísta.
Esvaro salvaxe, aguilloante lámpada de araña,
un cerebro arrastrando as súas ortigas
a través da ondada anemone
e bosques enteiros de ríxidas algas.
A malicia, nun arrouto, faíme remuíños.
Coñezo ese fulgor, esa razón implacable.
E eu hei de flotar e florecer
en temporada.

Esta paisaxe antes de min

Nunca foi escrita, aínda que viviu con violencia.
Primeiro ergueuse a fábrica, silenciosa coma un asilo.
Logo o devastador mato de arbustos cos seus vermellos puños
de flores
e as cinzas da montaña apoderándose del coma unha mancha.

Non teño probas, pero dígoche
houbo xanelas de vidreiras un día aquí, con barrotes.
Deitaban unha luz un pouco a raias sobre as mulleres.

Hoxe no medio da xesta amarela e a matogueira
estou de pé sobre unha historia
trenzada e destrenzada por ríxidos pulsos irlandeses.
A corda e aquel tempo e a lá cardada están desfeitos
do mesmo xeito que o están os seus nomes e rostros.

Londonderry, Cork, Galway, Kildare –
segundo vou dicindo as palabras
chúpaas un hemisferio a escuras.

Non me atreverei a decir
o que é o padecemento ou como se inflixiu neste lugar.
En que punto rompe un corpo eu non o podo dicir.

Pero esta mañá descubrín un coello noviño
entre o arbusto e as sombras cangado.
Vin a súa cara magoada, patas finas de máis para escapulir,
a bosteliña vermello-arando e rosa do seu ollo.

Contraera a enfermidade
que importamos para el
e quería un lugar tranquilo para morrer.

E foi afortunado, ou tanto como se podería –
había tempo e luz, os cans mais os falcóns
non foran escritos aínda, aínda fóra da vista.